

CERTIFICADO

Juan Marquina Fuentes, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 25 de junio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Expediente n.º 6/2021 de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

O Sr. interventor explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de don Miguel Caride e dona Montserrat Lama (deputado/a non adscrito/a) e de Do (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense n.º 6/2021, co seguinte detalle:

Aprobar a modificación, no que se refire ás seguintes variacións que non afectan quantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” no expediente de modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao **Concello de Montederramo** para a “Humanización de rúas en Montederramo” por importe de 48.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Montederramo de data 05 de maio de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, informando que o día 28 de abril de 2021 o concello recibe unha providencia de incoación de expediente de concesión de subvención nominativa para “Humanización de rúas en Montederramo”. Debido a esta obra foi incluída para financiamento doutras administracións e para evitar duplicidades,

solicita o cambio de destino da axuda para outra obra moi necesaria pasando a denominarse
“Pavimentación da estrada de Abeledos a Gorgullón”

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Montederramo	Pavimentación da estrada a Abeledos a Gorgullón	48.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/479.01 “Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores” no expediente de modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao **Consello Regulador da denominación de orixe Monterrei** para a “Gastos de funcionamento e promoción”, por importe de 60.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada pola presidenta do Consello Regulador de data 08 de maio de 2021 informando que o día 28 de abril de 2021 o Consello Regulador recibe unha providencia da Presidencia da Deputación de incoación de expediente de concesión dunha subvención para gastos de funcionamento e promoción por un importe total de 60.000,00 euros.

Neste acto solicitan o **cambio de finalidade** da subvención e delimitan cuantitativamente a cantidade destinada a gastos de investimentos e a destinada a gasto corrente, polo que é necesario destinar a parte de gasto corrente a gasto de investimento no capítulo 7 do orzamento sen que isto afecte cuantitativamente ao orzamento.

431.41/479.01 “Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello Regulador da denominación orixe Monterrei	Gastos de Promoción	25.000,00 €

431.41/790.01 “Promoción comercial. Outras subvencións Cons. Monterrei”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello Regulador da denominación orixe Monterrei	Obras e equipamentos	35.000,00 €

2º.- De acordo cos artigos 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.